

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



Asunto: *Aprobación inicial Modificación Puntual nº 1 do PXOM. Expediente 2018/X999/000546.*

O Pleno municipal, en sesión ordinaria que tivo lugar o 28 de xaneiro de 2019, acordou aprobar inicialmente a modificación puntual nº 1 do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Carballo (PXOM) relativa á modificación de 5 zonas en solo urbano, segundo a documentación técnica redactada polos arquitectos Beatriz Aneiros Filgueira (col. 2137 COAG) e Álvaro Fernández Carballada (col. 1047 COAG).

O que se somete a información pública por un prazo de dous meses en cumprimento dos artigos 60 da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia* e 144 do *Regulamento da Lei do Solo*, co fin de que as persoas que se consideren afectadas por ela poidan examinar o expediente e deducir, de ser o caso, as alegacións ou observacións que xulguen oportunas.

O documento técnico, o resumo executivo e os trámites contidos no expediente poderán consultarse na Oficina Técnica municipal en horario de 10.00 h ás 13.00 h e nesta páxina web.

Carballo, 11 de marzo de 2019

O alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

Don Susana Mariño Lorenzo, Secretario do Concello de Carballo - A Coruña

CERTIFICO:

Que o Pleno da Corporación Municipal, en sesión Ordinaria celebrada en data luns 28 de xaneiro de 2019 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"4.- Modificación puntual nº 1 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Carballo en solo urbano. Aprobación inicial. (CIPUM de 22 de xaneiro de 2019).

Primeiro.- Aprobar inicialmente a **modificación puntual nº 1 do PXOM de Carballo en solo urbano**, segundo a documentación técnica elaborada polos arquitectos Beatriz Aneiros Filgueira (arq. col. 2137 C.O.A.G.) e Alvaro Fernández Carballada (arq. col. 1047 C.O.A.G.).

- **ZONA 1:** Sistema xeral de equipamento "Cuartel da garda civil": A modificación consiste en eliminar do ámbito deste equipamento unha parcela privada que se incluíu erradamente dentro da delimitación do cuartel existente. Trátase de corrixir un erro gráfico na delimitación deste cuartel.

- **ZONA 2:** Aliñación na rúa Vázquez de Parga. A modificación consiste na alteración das aliñacións desta rúa na zona sur do cuarteirón situado entre as rúas Muiño e Pardo Bazán ampliando a actual duns 9,40 metros que ven fixada pola liña das edificacións existentes na marxe oeste da rúa, ata os 12,00 metros que é a fixada polo PXOM para o resto da rúa.

- **ZONA 3:** Subestación eléctrica. A modificación consiste unicamente en corrixir o erro material do PXOM que recolle a titularidade deste equipamento como "pública", pasándoa a "privada" que é a realidade xa que esta infraestrutura eléctrica pertence a FENOSA.

- **ZONA 4:** Aliñación na rúa Costa Rica: A modificación consiste en axustar a aliñación dunha parcela situada na confluencia das rúas Cuba e Costa Rica ao límite real da parcela privada, recualificando solo residencial con ordenanza de aplicación de residencial intensivo que está ocupado pola beirarrúa que forma parte do viario público adquirido por cesión obrigatoria a través do procedemento de xestión urbanística do antigo polígono 29 de SUNC do PXOM do ano 2003. Trátase de corrixir un erro material advertido na planimetría e axustarse á realidade do viario público existente.

- **ZONA 5:** Aliñación na Avenida de Bértoa: A modificación consiste en alterar as aliñacións dun cuarteirón situado entre as rúas Andrés Gaos e Escultor Asorey, que da lugar á cualificación dunhas edificacións existentes como viario, axustando o ancho da vía a 24 metros que é a que establece o PXOM para o resto desta vía no tramo que descorre entre a glorieta de acceso ao polígono industrial de Bértoa ao norte e a praza de Vigo ao sur.

Segundo.- Someter o expediente a información pública por prazo de dous meses mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia en nun dos xornais de maior circulación na provincia e notificar aos titulares catastrais dos terreos afectados. Durante o mencionado prazo os interesados poderán formular cantas alegacións teñan por conveniente. A documentación sometida a información pública abarcará todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluído o resumo executivo.

Terceiro. Dar trámite de audiencia expresa aos propietarios catastrais dos terreos afectados pola modificación puntual na zona 5 correspondente á aliñación na Avenida de Bértoa que afecta ao cuarteirón situado entre as rúas Andrés Gaos e Escultor Asorey, para que presten a súa conformidade coa solución adoptada e garantir a súa conformidade, conforme ao indicado no informe da DXOTU, ou presenten as alegacións que estimen pertinentes durante o prazo de 15 días, sen prexuízo das que consideren presentar durante o prazo de información pública.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



Exp. 2019/G012/000003

Cuarto.- *Dar traslado desta documentación á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo a fin de que dea audiencia aos municipios limítrofes e solicite os informes sectoriais autonómicos preceptivos, que deberán ser emitidos no prazo de tres meses; transcorrido este prazo, entenderanse emitidos con carácter favorable.*

Quinto.- *Solicitar informes sectoriais da Administración do Estado á Delegación do Goberno e á Secretaría de Estado para o Avance Dixital da Dirección Xeral de Telecomunicacións e Tecnoloxías da Información.*

Sexto.- *Conforme ao previsto no artigo 47.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o acordo de aprobación inicial da modificación puntual determina, por si só, a suspensión das licenza nos ámbitos nos que as novas determinacións supoñan modificación da ordenación urbanística vixente. Esta suspensión terá un período máximo de dous anos e, en calquera caso, extinguirase coa aprobación definitiva. As áreas afectadas pola suspensión están descritas no resumo executivo."*

E para que conste, para os efectos oportunos expido o presente certificado coa reserva establecida no art. 206 do R.O.F., de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Carballo, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

**V. e Pr.
O alcalde**

FIRMA: 30/01/2019 10:38:00

Evencio Ferrero Rodríguez

30/01/2019 10:01:00

Susana Mariño Lorenzo

Versión imprimible

CVD: FPB8JTA46d/wLuvTyvn4
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Dictame da Comisión informativa de planificación urbana e mobilidade (CIPUM) do martes 22 de xaneiro de 2019.

2.- Modificación puntual nº 1 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Carballo en solo urbano. Aprobación inicial.

Dáse lectura á proposta da concelleira delegada de planificación e mobilidade urbana, contratación e seguridade cidadá, do 16/01/2019, en relación ao expediente 2018/X999/000546, cúa parte expositiva de transcribe:

ASUNTO: MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 1 DO PXOM DE CARBALLO. Aprobación Inicial.
EXPTE. 2018/X999/000546.
PROMOTOR: CONCELLO DE CARBALLO.
REX. ENTRADA: 201999900000043 de 10/01/2019.
REDACTOR: BEATRIZ ANEIROS FILGUEIRA (arq. col. 2137 COAG) e ALVARO FERNÁNDEZ CARBALLADA (arq. col. 1047 COAG) COMO INTEGRANTES DA SOCIEDADE "FERNÁNDEZ CARBALLADA Y ASOCIADOS, S.L.P."

O Concello de Carballo, está promovendo a modificación puntual nº 1 do PXOM en solo urbano, co obxecto mellorar a funcionalidade do sistema viario e corrixir varios erros detectados desde a vixencia do PXOM.

Esta modificación puntual ter obxecto a alteración das determinacións do PXOM en cinco zonas:

- ZONA 1: Sistema xeral de equipamento "Cuartel da garda civil": A modificación consiste en eliminar do ámbito deste equipamento unha parcela privada que se incluíu erradamente dentro da delimitación do cuartel existente. Trátase pois de corrixir un erro gráfico na delimitación deste cuartel.
- ZONA 2: Aliñación na rúa Vázquez de Parga. Neste caso a M.P. proxecta a alteración das aliñacións desta rúa na zona sur do cuarteirón situado entre as rúas Muiño e Pardo Bazán ampliando a actual duns 9,40 metros que ven fixada pola liña das edificacións existentes na marxe oeste da rúa, ata os 12,00 metros que é a fixada polo PXOM para o resto da rúa.
- ZONA 3: Subestación eléctrica: A alteración proxectada pola M.P. neste caso consiste unicamente en corrixir o erro material do PXOM que recolle a titularidade deste equipamento como "pública", pasándoa a "privada" que é a realidade xa que esta infraestrutura eléctrica pertence a FENOSA.
- ZONA 4: Aliñación na rúa Costa Rica: Consiste en axustar a aliñación dunha parcela situada na confluencia das rúas Cuba e Costa Rica ao límite real da parcela privada, recualificando solo residencial con ordenanza de aplicación de residencial intensivo que está ocupado pola beirarrúa que forma parte do viario público adquirido por cesión obrigatoria a través do procedemento de xestión urbanística do antigo polígono 29 de SUNC do PXOM do ano 2003. Trátase polo tanto de corrixir un erro material advertido na planimetría e axustarse á realidade do viario público existente.
- ZONA 5: Aliñación na Avenida de Bértoa: Neste caso a modificación consiste en alterar as aliñacións dun cuarteirón situado entre as rúas Andrés Gaos e Escultor Asorey, que da lugar á cualificación dunhas edificacións existentes como viario, axustando o ancho da vía a 24 metros que é a que establece o PXOM para o resto desta vía no tramo que descorre entre a glorieta de acceso ao polígono industrial de Bértoa ao norte e a praza de Vigo ao sur.

Con esta finalidade o Concello de Carballo encargou á empresa Fernández Carballada y Asociados SLP, a redacción da documentación necesaria para a tramitación da modificación puntual do PXOM co obxectivo indicado.

A tramitación iniciouse coa solicitude de avaliación ambiental estratéxica (A.A.E.) simplificada, presentada o 02/04/2018 (R.S. 201800000001568), acompañada do borrador da modificación puntual e do documento ambiental estratéxico (DAE) do expediente tramitado.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello 5/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



Exp. 2019/G012/000003

Como consecuencia do anterior emitíuse o informe ambiental estratéxico (I.A.E.), pola Directora Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático o 20/06/2018 (publicado no DOG de 05/07/2018) no que se achegan como ANEXO os informes emitidos durante o período de consultas da A.A.E., pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (DXOTU), Instituto de Estudos do Territorio (IET), Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), Dirección Xeral de Ordenación Forestal e Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica.

O I.A.E sinala que deben considerar na elaboración da modificación puntual as observacións formuladas nos informes recibidos no período de exposición pública e consultas previas, concluíndo que non cabe esperar que se produzan efectos ambientais significativos derivados da modificación puntual. Finalmente o órgano ambiental resolve non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a modificación puntual número 1 do PXOM de Carballo.

O equipo redactor presentou o documento da modificación puntual con data 29/11/2018, e con data 10/01/2019 (R.E. 20199990000043) presentou novo documento substituíndo ao anterior e incorporando o estudo económico financeiro, aos efectos de tramitar a aprobación inicial.

A modificación puntual está integrada polos seguintes documentos:

- MEMORIA INFORMATIVA E XUSTIFICATIVA.

1. INTRODUCCIÓN E ANTECEDENTE.
2. MEMORIA XUSTIFICATIVA DE FINS E OBXECTIVOS.
3. MEMORIA XUSTIFICATIVA DE FINS E OBXECTIVOS.
4. NORMATIVA PARA O DESENVOLVEMENTO DA MODIFICACIÓN.
5. ESTRATEXIA DE ACTUACIÓN E ESTUDO ECONÓMICO.
6. MEMORIA DE SOSTIBILIDADE ECONÓMICA.
7. DOCUMENTACIÓN A INCORPORAR/MODIFICAR NO PXOM.
8. RESUMO EXECUTIVO DA M.P.

- ANEXOS.

ANEXO 1. ESCRITO PRESENTADO POLA PROPIEDAD NO CONCELLO AO RESPECTO DA ZONA 1
OBXECTO DE MODIFICACIÓN

ANEXO 2. ESCRITO PRESENTADO POLA PROPIEDAD NO CONCELLO AO RESPECTO DA ZONA 3
OBXECTO DE MODIFICACIÓN

ANEXO 3. DOCUMENTACIÓN A MODIFICAR OU SUBSTITUÍR NO PXOM VIXENTE.

ANEXO 4. RESOLUCIÓN DO 2 DE XUÑO DE 2018, POLA QUE SE FORMULA O INFORME AMBIENTAL
ESTRATÉXICO DA MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚM. 1 DO PXOM DE CARBALLO

Os servizos técnicos municipais emitiron informe o 15/01/2019 no que se detalla a xustificación e descrición da modificación puntual, o axuste ás determinacións ambientais do I.A.E, desglosando a integración das conclusións dos informes emitidos durante a A.A.E., e consideran que a documentación é suficiente para continuar a súa tramitación para a aprobación inicial polo órgano municipal competente.

O órgano competente para resolver este asunto é o pleno do concello en virtude do disposto no artigo 22.2.c da Lei 7/1985, de 2 de abril, de reguladora das bases do réxime local, que atribúe ao órgano plenario a aprobación inicial do planeamento xeral e a aprobación que poña fin a tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística, así como os convenios que teñan por obxecto a alteración de calquera de ditos instrumentos.

Logo de ver a documentación do expediente e o informe dos técnicos municipais, conforme ao disposto nos artigos 83.5 e 60 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e nos concordantes 200.5 e 144 do seu regulamento (Decreto 143/2016, de 22 de setembro).

A Presidenta da Comisión menciona as zonas afectadas pola modificación puntual nº 1: Sistema Xeral de equipamento "Cuartel da garda civil", aliñación na rúa Vázquez de Parga, subestación eléctrica de Fenosa, aliñación na rúa Costa Rica e aliñación na avenida de Bértoa.

Seguidamente, o Sr. Garrote Pazos, arquitecto municipal explica, polo miúdo, sobre planos, os motivos que levan a esta modificación puntual en cinco zonas en solo urbano, aclarando que principalmente se tratan de erros detectados desde a vixencia do PXOM.

A Sra. Vila Blanco, voceira do grupo municipal do PSdG-PSOE, está conforme con toda a proposta pero manifesta certas dúbidas sobre a aliñación na avenida de Bértoa. Anuncia a súa abstención.

Sometido o asunto a votación, con tres (3) abstencións, dos grupos municipais do PSdG-PSOE (1) e PP (2) e seis (6) votos a favor, dos concelleiros do BNG (5) e de TEGA (1), a Comisión informativa de planificación urbana e mobilidade dictamina favorablemente a proposta presentada e propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a **modificación puntual nº 1 do PXOM de Carballo en solo urbano**, segundo a documentación técnica elaborada polos arquitectos Beatriz Aneiros Filgueira (arq. col. 2137 C.O.A.G.) e Alvaro Fernández Carballada (arq. col. 1047 C.O.A.G.).

Segundo.- Someter o expediente a información pública por prazo de dous meses mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia en nun dos xornais de maior circulación na provincia e notificar aos titulares catastrais dos terreos afectados. Durante o mencionado prazo os interesados poderán formular cantas alegacións teñan por conveniente. A documentación sometida a información pública abarcará todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluído o resumo executivo.

Terceiro. Dar trámite de audiencia expresa aos propietarios catastrais dos terreos afectados pola modificación puntual na zona 5 correspondente á aliñación na Avenida de Bértoa que afecta ao cuarteirón situado entre as rúas Andrés Gaos e Escultor Asorey, para que presten a súa conformidade coa solución adoptada e garantir a súa conformidade, conforme ao indicado no informe da DXOTU, ou presenten as alegacións que estimen pertinentes durante o prazo de 15 días, sen prexuízo das que consideren presentar durante o prazo de información pública.

Cuarto.- Dar traslado desta documentación á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo a fin de que dea audiencia aos municipios limítrofes e solicite os informes sectoriais autonómicos preceptivos, que deberán ser emitidos no prazo de tres meses; transcorrido este prazo, entenderanse emitidos con carácter favorable.

Quinto.- Solicitar informes sectoriais da Administración do Estado á Delegación do Goberno e á Secretaría de Estado para o Avance Dixital da Dirección Xeral de Telecomunicacións e Tecnoloxías da Información.

Sexto.- Conforme ao previsto no artigo 47.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o acordo de aprobación inicial da modificación puntual determina, por si só, a suspensión das licenzas nos ámbitos nos que as novas determinacións supoñan modificación da ordenación urbanística vixente. Esta suspensión terá un período máximo de dous anos e, en calquera caso, extinguirase coa aprobación definitiva. As áreas afectadas pola suspensión están descritas no resumo executivo.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



OFICINA TÉCNICA MUNICIPAL

INFORME TÉCNICO E XURÍDICO

- ASUNTO:** MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 1 DO PXOM DE CARBALLO EN SOLO URBANO. Aprobación Inicial.
- EXPTE.** 2018/X999/000546.
- PROMOTOR:** CONCELLO DE CARBALLO.
- REX. ENTRADA:** 201999900000043 de 10/01/2019.
- REDACTOR:** BEATRIZ ANEIROS FILGUEIRA (arq. col. 2137 COAG) e ALVARO FERNÁNDEZ CARBALLADA (arq. col. 1047 COAG) COMO INTEGRANTES DA SOCIEDADE "FERNÁNDEZ CARBALLADA Y ASOCIADOS, S.L.P."

I.- ANTECEDENTES.

- Solicitud de inicio da A.A.E. simplificada da M.P. nº 1 do PXOM de Carballo de data 02/04/2018 (R.S. 201800000001568), acompañada de borrador da modificación puntual e documento ambiental estratéxico (DAE).
- Informe ambiental estratéxico (I.A.E.) emitido pola directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático o 20 de xuño de 2018 (R.E. 201800000005571 de 26 de xuño de 2018), no que se achegan como ANEXO os informes emitidos durante o período de consultas da A.A.E., pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (DXOTU), Instituto de Estudos do Territorio (IET), Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), Dirección Xeral de Ordenación Forestal e Dirección Xeral de Pesca.
- Publicación do I.A.E. da M.P. no DOG núm. 128 de 5 de xullo de 2018.
- Presentación do documento da M.P. o 29 de novembro de 2018 (R.E. 201899900001325).
- Presentación de novo documento da M.P. o 10 de xaneiro de 2019 (R.E. 201999900000043), en substitución do presentado o 29-11-2018, que incorpora o estudo económico financeiro.

II.- NORMATIVA APLICABLE.

- Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local (LBRL) e Lei 5/1997 de Administración local de Galicia.
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG).
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (RLSG).
- Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) do Concello de Carballo aprobado por Orde do 4 de febreiro de 2016 da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (DOG, núm. 39, do 26 de febreiro de 2016 e BOP, núm. 38, do 26 de febreiro de 2016).

III.- OBXECTO, DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DA MODIFICACIÓN PUNTUAL.

- PRIMEIRO.- OBXECTO E DESCRICIÓN.

O obxecto da modificación puntual consisten na alteración das determinacións do PXOM en cinco zonas:

- **ZONA 1: Sistema xeral de equipamento "Cuartel da garda civil":** A modificación consiste en eliminar do ámbito deste equipamento unha parcela privada que se incluíu erradamente dentro da delimitación do cuartel existente. Trátase pois de corrixir un erro gráfico na delimitación deste cuartel.
- **ZONA 2: Aliñación na rúa Vázquez de Parga.** Neste caso a M.P. proxecta a alteración das aliñacións desta rúa na zona sur do cuarteirón situado entre as rúas Muiño e Pardo Bazán ampliando a actual duns 9,40 metros que ven fixada pola liña das edificacións existentes na marxe oeste da rúa, ata os 12,00 metros que é a fixada polo PXOM para o resto da rúa.
- **ZONA 3: Subestación eléctrica:** A alteración proxectada pola M.P. neste caso consiste unicamente en corrixir o erro material do PXOM que recolle a titularidade deste equipamento como "pública", pasándoa a "privada" que é a realidade xa que esta infraestrutura eléctrica pertence a FENOSA.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



- ZONA 4: Aliñación na rúa Costa Rica: Consiste en axustar a aliñación dunha parcela situada na confluencia das rúas Cuba e Costa Rica ao límite real da parcela privada, recualificando solo residencial con ordenanza de aplicación de residencial intensivo que está ocupado pola beirarrúa que forma parte do viario público adquirido por cesión obrigatoria a través do procedemento de xestión urbanística do antigo polígono 29 de SUNC do PXOM do ano 2003. Trátase polo tanto de corrixir un erro material advertido na planimetría e axustarse á realidade do viario público existente.

- ZONA 5: Aliñación na Avenida de Bértoa: Neste caso a modificación consiste en alterar as aliñacións dun cuarteirón situado entre as rúas Andrés Gaos e Escultor Asorey, que da lugar á cualificación dunhas edificacións existentes como viario, axustando o ancho da vía a 24 metros que é a que establece o PXOM para o resto desta vía no tramo que descorre entre a glorieta de acceso ao polígono industrial de Bértoa ao norte e a praza de Vigo ao sur.

- SEGUNDO.- XUSTIFICACIÓN:

Tal e como se dispón no artigo 83.1. da LSG e 200.1. do RLSG calquera modificación do planeamento urbanístico deberá fundamentarse en razóns de interese público debidamente xustificadas. Este interese público xustifícase no apartado 1.2. da memoria da M.P. no que se indica:

" Os obxectivos da presente modificación son mellorar a funcionalidade da ordenación prevista e mellorar a mobilidade en dous zonas concretas do sistema viario do casco urbano (zonas 2 e 5), e corrixir tres erros detectados nestes anos de vixencia do PXOM (zonas 1, 3 e 4); polo que se trata de razóns de interese colectivo derivadas dunhas necesidades reais da poboación residente.

En resumo, as anteriores razóns para realizar a presente modificación son de interese público, xa que melloran a funcionalidade e corrixen erros detectados nestes anos de vixencia do PXOM, e co seu desenvolvemento o planeamento urbanístico dará resposta ás necesidades actuais da poboación."

Por outra banda, no informe emitido pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (DXOTU) durante o período de consultas da avaliación ambiental estratéxica, faise a seguinte consideración; *"Xustifícase o interese público para os efectos da formulación da modificación (artigo 83.1 da LSG) na mellora da funcionalidade do sistema viario e na corrección de erros detectados despois da entrada en vigor do PXOM"*.

Ao noso xuízo o interese público nas ZONAS 1, 3 e 4 está motivado pola corrección de erros materiais na cartografía do PXOM consistentes no establecemento erróneo da titularidade pública a bens de carácter privado e viceversa que ademais no primeiro e terceiro caso non garda concordancia coas determinacións do estudo económico financeiro que non contempla a adquisición por parte do Concello das parcelas de titularidade privada das parcelas afectadas pola M.P.. No caso da parcela privada que se inclúe na delimitación do Cuartel da Garda Civil compre sinalar como antecedente que foi obxecto de permuta entre o seu titular actual e o Concello de Carballo, tal e como se xustifica no apartado 2.5. da memoria e documentación que se achega no ANEXO 1. No caso da Subestación eléctrica hai que considerar que se trata dunha infraestrutura eléctrica fundamental que está en servizo e que mesmo foi obxecto recentemente de actuacións de mellora, polo tanto semella evidente a falla total de interese do concello en adquirir a titularidade dese ben. Por último na ZONA 4 os terreos destinados actualmente a viario situados na rúa Costa Rica que se cualifican como residencial intensivo na cartografía do PXOM, foron obtidos mediante a xestión dun polígono de SUNC desenvolvido en base ao PXOM de 2003 e non existe interese algún por parte do Concello en recualificar eses terreos para uso residencial.

A alteración proposta na ZONA 2 correspondente á rúa Vázquez de Parga da lugar, tal e como se indica na propia M.P. e no informe da DXOTU, a unha mellora substancial da funcionalidade e mobilidade da vía.

Por último na ZONA 5, o axuste das aliñacións na Avenida de Bértoa ao ancho de 24 metros previsto para a totalidade desa vía no tramo indicado anteriormente, é suficiente e ademais coincide co previsto nas Normas Subsidiarias do ano oitenta e no PXOM de 2003. Baixo o noso punto de vista a ampliación prevista polo PXOM no cuarteirón afectado pola M.P. non está xustificada, xa altera a aliñación consolidada afectando a edificacións existentes, e ademais da lugar a unha actuación illada en solo

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



urbano consolidado (SX-VI/AU09) que en absoluto *mellora a accesibilidade viaria* tal e como consta na ficha correspondente e que supón unha inversión por parte do concello que está cuantificada no estudio económico financeiro do PXOM nuns 545.000,00 € que probablemente será superior e que non mellora en absoluto a funcionalidade das dotacións públicas.

IV.- AXUSTE ÁS DETERMINACIÓNS DO INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO.

Tal e como indicamos con anterioridade, o informe ambiental estratéxico (I.A.E.) da M.P. formulouse mediante resolución da directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático de 20 de xuño de 2018 (R.E. 20180000005571 de 26 de xuño de 2018. O informe conclúe que non se someta a M.P. ao procedemento de avaliación ambiental ordinaria, ao considerar que non se producirán efectos no ambiente. Non obstante no apartado 3 da resolución indícase que o concello deberá considerar a totalidade das observacións que se conteñen nos informes ou respostas da DXOTU, IET, AXI, Dirección Xeral de Ordenación Forestal e Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica.

A continuación imos a enunciar as conclusións dos informes anteriores e como foron integrados na proposta de M.P.:

- DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO (DXOTU):

- CONCLUSIÓNS DO INFORME:

III. INFORME

1. Razóns de interese público da modificación.

Xustifícase o interese público para os efectos da formulación da modificación (artigo 83.1 da LSG) na mellora da funcionalidade do sistema viario e na corrección de erros detectados despois da entrada en vigor do PXOM.

2. Estratexia de actuación e estudo económico.

A modificación debe conter os cambios necesarios na estratexia de actuación e estudo económico do PXOM, consecuencia das alteracións na actuación SX-VI/AU-9.

3. Convenio urbanístico.

Para o cambio na actuación SX-VI/AU-9 cómpre a tramitación do correspondente convenio urbanístico (art. 165 e seguintes da LSG).

4. Para a tramitación da modificación (art. 83.5 LSG) seguirase o procedemento sinalado no artigo 60 LSG.

- INTEGRACIÓN NA M.P.:

A xustificación que se indica na memoria de M.P. en relación á integración destes aspectos no proxecto á seguinte:

Respecto á necesidade de incluír os cambios na estratexia de actuación e o estudo económico do PXOM, como consecuencia da alteración na actuación SX-VI/AU-9 (que pasa a denominarse SX-VI/AU-9 a fin de non confundila coa vixente); ao verse reducida a súa superficie diminúese o custo da súa execución, mellorando a sustentabilidade do PXOM.*

No caso da conveniencia de redactar un convenio urbanístico para o cambio na actuación SX-VI/AU-9, durante o período de información pública do documento aprobado inicialmente está previsto dar audiencia expresa aos propietarios catastrais dos terreos afectados, para que presten a súa conformidade coa solución adoptada e garantir a súa conformidade coa mesma.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



No apartado 5.3 da memoria da M.P. incorpóranse as follas a corrixir no estudio económico financeiro afectadas pola alteración na actuación illada SX-VI/AU9.

En relación coa referencia á tramitación dun convenio urbanístico, débese ter en conta que a M.P. está promovida de oficio polo Concello apreciando o interese público na súa formulación, sen prexuízo de que os propietarios concretos afectados sexan notificados da modificación urbanística para asegurar a participación das persoas interesadas (art. 2.4 LSG) aos efectos de que poidan mostrar a súa conformidade, propoñer variacións na proposta ou a súa colaboración mediante un convenio urbanístico conforme ao previsto no artigo 165 da LSG.

Neste senso, parece axeitada a proposta establecida na M.P. de dar audiencia aos titulares de bens afectados por esta actuación para que estes presten conformidade durante a información pública da M.P.. Polo tanto, consideramos que as observacións da DXOTU foron integradas no proxecto da m.p..

- INSTITUTO DE ESTUDIOS DO TERRITORIO (IET).

- CONCLUSIÓNS DO INFORME:

4. Conclusión:

Polo que atinxe ás competencias deste departamento en materia de paisaxe, considérase que a modificación puntual nº1 do plan xeral de ordenación municipal non provocará un impacto paisaxístico significativo.

Cómpre lembrar que de acordo co artigo 7.2 da Lei 7/2008 (modificado pola Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas), e tendo en conta o disposto no artigo 83.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, a modificación, tras a súa aprobación inicial, deberá someterse a informe do Instituto de Estudos do Territorio.

- INTEGRACIÓN NA M.P.:

A conclusión deste informe non implica a integración de novas determinacións no proxecto da M.P.. Non en tanto deberase ter en conta que na tramitación da M.P. a DXTOU deberá solicitar informe do IET.

- AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS.

- CONCLUSIÓNS DO INFORME:

INFORME

A modificación puntual nº1 do Plan xeral de ordenación municipal de Carballo refírese á ordenación de 5 zonas concretas do casco urbano, ás cales pretende modificarlle as condicións.

As denominadas como zonas 1, 3 e 4 non afectan ás estradas de titularidade autonómica; no ámbito da zona 2 atópase un tramo da estrada AC-552 transferido ó Concello de Carballo. Finalmente, a zona 5 afecta directamente a un tramo da antedita estrada pertencente á Rede Autonómica de Estradas de Galicia, concretamente entre os P.Q. 30+050 e 30+170.

Neste tramo a modificación puntual propón eliminar unha actuación de expropiación prevista no PXOM para a ampliación do viario.

Anéxanse a este informe os criterios de ordenación e as distancias mínimas que, con carácter xeral, esta Axencia considera precisos para o mantemento da seguridade viaria e a axeitada protección do dominio público viario.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



Na documentación presentada non se recollen as afeccións acústicas para as vías de titularidade autonómica. A día de hoxe non hai servidumes acústicas declaradas na Rede Autonómica de Estradas de Galicia (segundo o artigo 6 do Decreto 106/2015 deberán estar declaradas antes do 31 de decembro de 2020). A estrada AC-552, dada a súa IMD, foi incluída na elaboración dos Mapas Estratéxicos de ruído dos grandes eixos viarios da segunda fase (2012) en aplicación da directiva comunitaria 2002/49/CEE. A citada documentación está dispoñible para a súa descarga na páxina do MAGRAMA no seguinte link <http://sicaweb.cedex.es/>

Finalmente, a Modificación Puntual do Plan adaptárase á normativa sectorial indicada no apartado fundamentos xurídicos deste informe, en particular **no tocante a accesos** ás estradas de titularidade autonómica.

- INTEGRACIÓN NA M.P.:

Neste caso a xustificación que se incorpora na memoria de M.P. en relación á integración destes aspectos na modificación puntual é a seguinte:

Respecto á actuación SX-VII/AU-9, reconfigúrase a mesma (que pasa a denominarse SX-VII/AU-9) posibilitando a necesaria ampliación da sección deste tramo da avenida de Bértoa, mantendo a posibilidade de edificación das referidas parcelas e respectando as distancias mínimas de seguridade establecidas na lexislación sectorial de aplicación.*

No caso das afeccións acústicas, a Normativa do PXOM xa inclúe (no seu artigo 199) as limitacións ao uso derivadas do ruído

Respecto dos Mapas estratéxicos de ruído, segundo a documentación consultada no CEDEX, o tramo da estrada AC-552 non foi incluída nos estudos realizados ata o día de hoxe.

Así mesmo, no caso dos accesos establece que o PXOM en vigor está adaptado á actual Lei de estradas de Galicia. Por último, de acordo co establecido na lexislación sectorial de aplicación, o documento aprobado inicialmente deberá someterse a informe da Axencia Galega de Infraestruturas.

Esta xustificación semella suficiente para dar cumprimento ao establecido no informe ambiental estratéxico en canto á integración das observacións do informe da AXI no texto da m.p.

- DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN FORESTAL - DIRECCIÓN XERAL DE PESCA.

Nos informes destes dous organismos non se incorporan observacións que teñan que ser integradas no texto da modificación puntual.

V.- DOCUMENTACIÓN.

A modificación puntual está integrada polos seguintes documentos:

- MEMORIA INFORMATIVA E XUSTIFICATIVA.

1. INTRODUCCIÓN E ANTECEDENTE.
2. MEMORIA XUSTIFICATIVA DE FINS E OBOXECTIVOS.
3. MEMORIA XUSTIFICATIVA DE FINS E OBOXECTIVOS.
4. NORMATIVA PARA O DESENVOLVEMENTO DA MODIFICACIÓN.
5. ESTRATEXIA DE ACTUACIÓN E ESTUDO ECONÓMICO.
6. MEMORIA DE SOSTIBILIDADE ECONÓMICA.
7. DOCUMENTACIÓN A INCORPORAR/MODIFICAR NO PXOM.
8. RESUMO EXECUTIVO DA M.P.

- ANEXOS.

- ANEXO 1. ESCRITO PRESENTADO POLA PROPIEDAD NO CONCELLO AO RESPECTO DA ZONA 1 OBOXECTO DE MODIFICACIÓN
- ANEXO 2. ESCRITO PRESENTADO POLA PROPIEDAD NO CONCELLO AO RESPECTO DA ZONA 3 OBOXECTO DE MODIFICACIÓN
- ANEXO 3. DOCUMENTACIÓN A MODIFICAR OU SUBSTITUÍR NO PXOM VIXENTE.
- ANEXO 4. RESOLUCIÓN DO 2 DE XUÑO DE 2018, POLA QUE SE FORMULA O INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO DA MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚM. 1 DO PXOM DE CARBALLO

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



- PLANOS.
INFORMACIÓN.
ORDENACIÓN.

Considérase que esta documentación é suficiente para as características e obxecto da M.P.

VII- FORMULACIÓN E APROBACIÓN INICIAL DA M.P.

De acordo co disposto nos artigos 83.5. da LSG e 200.5. do RLSG.

" A revisión do planeamento e as modificacións de calquera dos seus elementos suxeitaranse ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación".

De conformidade co anterior a formulación das M.P.do PXOM corresponde ao concello de Carballo. A este respecto compre sinalar que a redacción da presente M.P.xunto con outras foi encargada á empresa *Fernández Carballada y Asociados, SLP* mediante contrato menor de servizo aprobado por Resolución da Alcaldía de data 19 de maio de 2017.

Segundo se dispón nos artigos 60 da LSG e 144 do RLSG.

- O concello, logo do informe dos servizos técnicos e xurídicos municipais sobre a conformidade do plan coa lexislación vixente, procederá á súa aprobación inicial e someterá o documento a información pública durante un prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia.
A documentación sometida a información pública abarcará todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluídos un resumo executivo.
O resumo executivo conterá, como mínimo, os seguintes aspectos:
 - a) Os ámbitos en que a nova ordenación altere a vixente, cun plano da súa situación e indicación do alcance da dita alteración.
 - b) De ser o caso, os ámbitos en que se suspenda o outorgamento de licenzas e a tramitación doutros procedementos, indicando a duración da suspensión.
- O concello trasladará esta documentación ao órgano competente en materia de urbanismo, o cal dará audiencia aos municipios limítrofes e solicitará os informes sectoriais autonómicos preceptivos, que deberán ser emitidos no prazo de tres meses; transcorrido este, entenderanse emitidos con carácter favorable. Respecto dos informes sectoriais a que se fai referencia neste punto no anexo II recóllese unha listaxe dos ditos informes e do momento en que deberá solicitarse cada un deles, de acordo coa normativa sectorial correspondente.
- Cumpridos os trámites anteriores, o órgano competente en materia de urbanismo remitirá ao concello o seu resultado, e poderase continuar o procedemento.

O concello deberá solicitar os informes sectoriais preceptivos non autonómicos segundo a relación que se establece no anexo II do RLSG, que neste caso son os seguintes:

- Informe da Delegación do Goberno conforme ao establecido na Disposición adicional segunda da Lei 13/2003, do 2 de maio, reguladora do contrato de concesión de obras públicas, artigo 5 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, artigo 5 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, e artigo 68 do Real decreto 1434/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de gas natural.
- Informe da Secretaría de Estado para o Avance Dixital da Dirección Xeral de de Telecomunicacións e Tecnoloxías da Información en materia de telecomunicacións, segundo o disposto no artº 35 da Lei 9/2014, do 9 de maio, de telecomunicacións.

O órgano competente para resolver este asunto é o pleno do concello en virtude do disposto no art 22.2.c da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Por todo o anterior, formulase a seguinte:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



VIII.- PROPOSTA.

- Primeiro.- Aprobar inicialmente a **modificación puntual nº 1 do PXOM de Carballo en solo urbano**, segundo a documentación técnica elaborada polos arquitectos Beatriz Aneiros Filgueira (arq. col. 2137 C.O.A.G.) e Alvaro Fernández Carballada (arq. col. 1047 C.O.A.G.).
- Segundo.- Someter o expediente a información pública por prazo de dous meses mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia en nun dos xornais de maior circulación na provincia e notificar aos titulares catastrais dos terreos afectados. Durante o mencionado prazo os interesados poderán formular cantas alegacións teñan por conveniente. A documentación sometida a información pública abarcará todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluído o resumo executivo e
- Terceiro.- Dar trámite de audiencia expresa aos propietarios catastrais dos terreos afectados pola modificación puntual na zona 5 correspondente á aliñación na Avenida de Bértoa que afecta ao cuarteirón situado entre as rúas Andrés Gaos e Escultor Asorey, para que presten a súa conformidade coa solución adoptada e garantir a súa conformidade, conforme ao indicado no informe da DXOTU, ou presenten as alegacións que estimen pertinentes durante o prazo de 15 días, sen prexuízo das que consideren presentar durante o prazo de información pública.
- Cuarto.- Dar traslado desta documentación á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo a fin de que dea audiencia aos municipios limítrofes e solicite os informes sectoriais autonómicos preceptivos, que deberán ser emitidos no prazo de tres meses; transcorrido este prazo, entenderanse emitidos con carácter favorable.
- Quinto.- Solicitar informes sectoriais da Administración do Estado á Delegación do Goberno e á Secretaría de Estado para o Avance Dixital da Dirección Xeral de Telecomunicacións e Tecnoloxías da Información.